

An aerial photograph of a town situated in a valley, with a large river flowing through it. The town has many buildings with red-tiled roofs and a large parking lot. The river is blue and surrounded by green hills. In the background, there are mountains under a clear blue sky.

APROVEITAMENTOS DO RÍO MIÑO

Toén 2022/23.

FEITO POR: MANUELA, NOA E THAYSA

P.C.

ÍNDICE

1. Pesca
2. Embalses
3. Actividades deportivas
4. Turismo
5. Rutas e actividades
6. Rutas de senderismo
7. Zonas de baño fluvial
8. Webgrafía/ Bibliografía

PESCA

No Río Miño desenvolveuse, dende hai séculos, unha pesquería que aínda persiste nos nosos días, a pesar das ameazas que existen sobre as especies aproveitadas.

Os **caneiros** son unha especie de canais en forma de uve, formados por dous muros construídos na súa maior parte con laxa de pizarra. No punto de converxencia de istos muros encontrase unha construción triangular chamada **pía**, que soía albergar casetas onde se refuxiaba o pescador durante a noite.

Tipos de pesca no Miño

A pesca no tramo internacional do Río Miño se pode dividir en tres tipos diferentes:

- **A PESCA PROFESIONAL** practicada na parte baixa do Miño. Se leva a cabo dende embarcacións e a comercialización realízase usualmente mediante a declaración de capturas na Lonxa de A Guarda (Pontevedra).
- **A PESCA ARTESANAL:** se practica nas pesquerías, e inclúe as redes tipo cabeceira e butrón. Existe alomenos nos concellos de Monçao, Melgaço, Salvaterra, As Neves, Arbo e Crecente, e a comercialización non se encontra de todo implantada.
- **A PESCA DEPORTIVA:** se realiza en todo o tramo internacional do Río Miño, onde ten especial importancia a pesca lúdica dende embarcación, así como nos seus afluentes, co único requisito de estar en posesión de licencia do país onde se esté pescando.



EMBALSES:

- Entre Lugo e Ourense, o Miño conta con tres embalses (Belesar, Peares, Velle) E entre Ourense e a fronteira con Portugal con dous embalses máis (Castrelo e Frieira).



ESTE É O EMBALSE DOS
PEARES



Este embalse é o
de Castelo.

Este embalse é o de Velle.



ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Se falamos da natureza e ocio, **o río Miño é unha das propostas estrelas que hai en Galicia.**

Esta xoia da natureza permitiu que nacera unha iniciativa chamada: “**Río Miño**”, en Arbo. Unha idea que consolida a aposta por potenciar todo o que ofrece a fronteira natural que une, máis que separa, Galicia e Portugal.

Arbo é a “**capital mundial da lamprea**” e quere mostrarse ademais, como un enclave para desconectar e practicar deportes de aventura no río, modalidades que non se poden practicar durante o inverno por culpa do frío e da choiva. Arbo quere que os amantes dos deportes de aventura consuman ás suas dosis de adrenalina no seu municipio. Celebrase o día 12, 13 e catorce de agosto.



TURISMO

As ribeiras no Río Miño ao seu paso pola Ribeira Sacra, ofrecen unha paisaxe apacible de bosques caducifolios alternados con pequenas e numerosas extensións de viñedos. O río forma tamén numerosas curvas, as cales se adentran a terra creando característicos meandros.

A variedade de opcións é extensa. Por exemplo: O catamarán da Ribeira Sacra, Pradio na Peroxa...



RUTAS DE SENDERISMO NO RÍO MIÑO

Unha ruta no río Miño é inevitable, unha ruta a través do patrimonio e o sentir de dúas orillas. A un lado, Galicia, ao outro Portugal. Unha raia transfronteiriza húmida con dúas ribeiras, que ao longo de máis de 70 quilómetros deixa distintas formas de vida nas dúas marxes.

Hai quen di que o Miño é o río que nos separa. A nós gústanos pensar que é o que nos une. Despois, Galicia e Portugal son dous pobos con idiosincrasias diferentes pero cunha historia común. Unha vez, ata eran o mesmo reino.

Rutas e actividades

En Velle se fai piragüismo; tamén podemos facer rutas por as adegas da Ribeira Sacra; rutas polas beiras do Miño en Ourense Termal. Rutas por Os Peares e A Peroxa.

Aloxarnos en casas de Turismo Rural no entorno do río.






ZONAS DE BAÑO FLUVIAL

A gran maioría das augas da provincia son de calidade excelente, e as do pai Miño non ían quedar atrás.

Así o expresa o informe anual sobre as augas de baño publicado pola Axencia Europea de Medio Ambiente e recollido no periódico La Región en xuño de 2021.

Según o documento, na provincia ourensá alcanzan este máximo nivel o **79% das zonas de baño analizadas**. A progresión foi moi chamativa, xa que en 2011 apenas o 40% das praias fluviais tiñan unha "excelente" calidade. Por exemplo: a Chavasqueira, as termas de Outariz...





WEBGRAFÍA

<https://www.turismodeminiño.com>

https://www.turismo.gal/localizador-de-recursos/-/sit/que-visitar/acuario-e-zoo-mino?langId=es_ES

https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/borrasca-efrain-resucita-embalses-superan-niveles-ultima-decada_2023010363b4343116973000018883ab.html
https://www.lasexta.com/noticias/sociedad/borrasca-efrain-resucita-embalses-superan-niveles-ultima-decada_2023010363b4343116973000018883ab.html

<https://www.escapalandia.com/ruta-en-tren-por-el-rio-mino/> https://www.turismo.gal/inicio?langId=es_ES



GRAZAS POLO SEU

TEMPO

FIN